

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE VINTE E TRES DE OUTUBRO DE 2017.
EXPTE. 5847/2017.

ASISTENTES:

D^a. MARIA LOUREIRO GARCÍA.
D. JESUS ANTONIO FERNÁNDEZ CAL
D^a. LARA FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ-NORIEGA

SECRETARIO ACCIDENTAL:

D. JOSÉ VIVERO RUSSO

INTERVENTOR POR DELEGACIÓN:

D. SERGIO AGUADO DELICADO

Na Casa do Excmo. Concello de VIVEIRO, sendo as 13:30 do 23 de outubro de 2017, baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa, D^a. María Loureiro García, e coa asistencia dos Sres. Concelleiros relacionados anteriormente, así como a do Secretario Accidental, D. José Vivero Russo, ten lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, en primeira convocatoria.

Excusan verbalmente a súa asistencia os concelleiros D^a María Isabel Rodríguez López, D. Jesús Fernández Fernández e D. Emilio Villarme Méndez.

Á hora sinalada para este acto, pola Sra. Alcaldesa declárase aberto o mesmo.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN LEVADA A CABO O DÍA 16-10-17.

Non existindo ningunha obxección, procédese á aprobación da acta da sesión de 16 de outubro de 2017.

2.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

Secretaría / Concello de Viveiro

Praza maior 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

EXPTE. 5828/2017.- AXUDA NO FOGAR.

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D^a. Josefina Prieto Amor, con domicilio na Avda. Cantarrana, n.º 10-3º Dcha., Covas, en Viveiro.

Visto o informe da Traballadora Social no que se propón conceder a devandita axuda á solicitante, de acordo cos seguintes datos:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal e doméstico.
Capacidade económica da persoa usuaria:	> 150 % < 200% IPREM
Aportación económica:	20%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	80%
Duración do servizo:	4 horas semanais
Revisión do mesmo:	Pendente resolución PIA dependencia
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Paso a lista de agarda

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a D^a. Josefina Prieto Amor o servizo de axuda no fogar solicitado, de acordo co previsto no informe da Traballadora Social, pasando á lista de agarda.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais ós efectos oportunos e notificación ó interesado.

EXPTE. 5884/2017.- AXUDA NO FOGAR.

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D^a. M.^a. Hortensia Pernas Rodríguez, con domicilio en Granxas, nº 110-3º esqda, Covas, en Viveiro.

Visto o informe da Traballadora Social no que se propón conceder a devandita axuda á solicitante, de acordo cos seguintes datos:

Contidos prestacionais:	Atencións de carácter persoal e doméstico.
Capacidade económica da persoa usuaria:	> 80 % < 150% IPREM
Aportación económica:	10%
Custo directo do servizo que satisfará o Concello:	90%
Duración do servizo:	6 horas semanais
Revisión do mesmo:	Pendente resolución PIA dependencia
Disponibilidade de alta efectiva ou paso a lista de agarda:	Alta efectiva

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Conceder a D^a. M.^a. Hortensia Pernas Rodríguez o servizo de axuda no fogar solicitado, coas características especificadas no informe da traballadora social, con alta efectiva, sinalando que non debe sobrepasarse o importe establecido no orzamento para dito servizo.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Servizos Sociais ós efectos oportunos e notificación á interesado.

EXPTE. 5822/2017.- RENUNCIA Á SOLICITUDE DO SAF.

Vista a solicitude de servizo de axuda no fogar presentada por D^a. M^a Clemencia Camba Rivera, con domicilio en Borralleiros, n.º 1, en Vieiro-Viveiro, con rexistro de entrada municipal núm. 5094, de 9 de agosto de 2017.

Visto o escrito presentado, con rexistro de entrada municipal núm. 6261, de 5 de outubro de 2017, por D^a. Esperanza Pérez Camba, en representación de D^a. M^a Clemencia Camba Rivera, no que sinala que ésta presentou solicitude do servizo de axuda no fogar o 09-08-2017, e non estando interesada en continuar coa tramitación para a resolución da concesión, formula renuncia para a concesión do devandito servizo.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aceptar a renuncia formulada por D^a. Esperanza Pérez Camba, en representación de D^a. M^a Clemencia Camba Rivera, para seguir cos trámites para á prestación do servizo de axuda no fogar.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ás interesadas, así como ó Centro municipal de Servizos Sociais.

EXPTE. 5824/2017.- REDUCCIÓN HORAS SAF.

Visto o escrito presentado por D^a. M^a Cristina Guerreiro Escourido, en representación de D. Antonio Liz Guerreiro, no que manifesta que éste é beneficiario do servizo de Axuda no Fogar dende o 19-06-2007, cun total de tres horas semanas, distribuídas en dous días á semana, e solicita a redución do horario en dúas horas semanais de servizo, realizadas nun só día á semana.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aceptar a redución horaria formulada por D^a. M^a Cristina Guerreiro Escourido, en representación de D. Antonio Liz Guerreiro, en relación á prestación do servizo de axuda no fogar.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ós interesados, así como ó

Centro municipal de Servizos Sociais.

EXPTE. 5765/2017.-DEVOLUCIÓN DE FIANZA.

Vista a solicitude de devolución de fianza presentada por D^a. Mónica Fra Martínez, con rexistro de entrada municipal núm. 6039, de 27 de setembro de 2017, no que manifesta que o 20 de xullo de 2010 depositou fianza a favor do Concello de Viveiro, en concepto de garantía para a obra de rehabilitación da licenza núm. URB/59/2010, e a referida obra rematou o 30 de xuño de 2016, solicitando a devolución do importe ingresado, por valor de 800,00 €, no número de conta bancaria que no citado escrito indica.

Visto o informe do vixiante urbanístico, no que se sinala que o espazo público quedou en perfectas condicións, polo que o seu xuízo procede a devolución da fianza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada por D^a. Mónica Fra Martínez para responder á licenza URB/59/2010, que ascende á cantidade de 800,00 euros.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Departamento de Tesourería para proceder á súa devolución e notificación á interesada.

EXPTE. 5745/2017.- DEVOLUCIÓN DE FIANZA.

Visto o escrito presentado por D. Vicente Fustes Sánchez, con rexistro de entrada municipal núm. 6297, de 6 de outubro de 2017, no que solicita a devolución da fianza presentada no Concello, por importe de 1.500,00 €, para garantir a execución das obras obxecto da licenza tramitada con número de expediente URB/282/2012.

Visto o informe do vixiante urbanístico, no que se indica que o espazo público quedou en perfectas condicións, polo que ao seu xuízo procede á devolución da fianza.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada por D. Vicente Fustes Sánchez, para responder á licenza URB/283/2012, que ascende á cantidade de 1.500,00 euros.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao Departamento de Tesourería para proceder á súa devolución e notificación ao interesado.

3.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

EXPTE. 4326/2017.- LICENZA DE OBRA.

Vista a solicitude de licenza presentada por D. José María González Guerreiro para executar as obras de construción dun muro de peche e de contención de terras de formigón armado, na parcela de referencia catastral n.º 4282179PJ1348S0002EL, sita CR Ribadeo-Faro 13.

Coa solicitude achega a seguinte documentación:

- En formato CD presenta o Proxecto Básico e de Execución de muro de cierre e contención de hormigón armado, firmado polo técnico José Díaz López.
- Autorización da AXI de data 19 de xuño de 2017.
- Xustificante do pagamento dos tributos municipais.

Visto o informe técnico favorable, emitido polo arquitecto municipal o 26 de setembro de 2017, no que se sinala o seguinte:

- **Clasificación e cualificación do solo.**- A clasificación do solo segundo a OUP é **solo de núcleo rural**. Ordenanza de aplicación 7.
 - **Descrición da parcela. Datos catastrais.**- referencia catastral nº4282179PJ1348S0002EL, sita en Cr Ribadeo-Faro 13[X].
 - **Descrición das obras a realizar.**- Construción dun muro de peche e de contención de terras de formigón armado.
 - **Cumprimento da normativa urbanística.**- As obras proxectadas dan cumprimento co disposto na normativa urbanística de aplicación.
 - **Afeccións.**- As obras propostas, ao afectar aos terreos comprendidos na área de afección da estrada LU-862, requirirán, en todo caso, expresa autorización do órgano competente da Administración titular da estrada. Serán de aplicación as condicións establecidas na autorización da Axencia Galega de Infraestruturas [AXI]. Achégase autorización da AXI con data 19 de xuño de 2017.
 - **Cumprimento da normativa técnica aplicábel.** O arquitecto, D. José Díaz López, fai constar o proxecto cumpre coa normativa técnica aplicábel.
-
- **Orzamento.**- O orzamento de execución material, segundo o proxecto presentado, ascende á cantidade de 5.185,60 €. **Achéganse unhas partidas novas de orzamento de 2.435,00 €, polo cal se deberá facer unha liquidación complementaria.** O orzamento total de execución material ascende a cantidade de **7.620,60 €**. Conforme, sen prexuízo das inspección que por parte do persoal municipal se estimen oportunas con obxecto de comprobar as obras realizadas.
 - **Condicionamentos.**- De ser necesario a ocupación da vía pública para as labores de desescombro, demolición, colocación de andamiaxe e/ou instalación e guindastres, deberase solicitar a preceptiva licenza.
 - **Conclusións.** Tendo en conta todo o dito anteriormente e atendendo á normativa

aplicábel emítase **INFORME FAVORÁBEL**, nas CONDICIÓNS expresadas nos puntos anteriores e na **preceptiva autorización sectorial**.

Visto o informe xurídico favorable emitido polos servizos xurídicos do Concello o 17 de outubro de 2017, no que se sinala o seguinte:

- De conformidade co disposto nos artigos 143 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e 350 do Regulamento, as licenzas outórganse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanístico, e non poderán outorgarse ata que sexan concedidas as autorizacións ou informes administrativos previos que sexan esixibles nos termos da lexislación vixente. No presente caso as obras propostas afectan a terreos comprendidos na área de afección da estada LU-862, polo tanto, requiren autorización expresa do órgano competente da Administración titular da estrada. Dita autorización consta no expediente nas condicións expresadas na mesma.
- O informe dos servizos técnicos municipais constata a adecuación do acto pretendido á lexislación e ao planeamento urbanístico. O punto terceiro da disposición transitoria primeira da LSG declara expresamente o mantemento da eficacia dos decretos autonómicos de suspensión do plan que foron ditados antes da súa entrada en vigor, e ata que entre en vigor o plan xeral, na súa virtude, a normativa vixente no municipio de Viveiro, aplicable á resolución deste procedemento, é a contida no Decreto 102/2006, do 22 de xuño, polo que se suspende a vixencia das normas subsidiarias de planeamento municipal de Viveiro e se aproba a ordenación urbanística provisional ata a entrada en vigor do novo planeamento, que, no punto 7 do anexo, regula a ordenaza do solo de núcleo rural. De acordo coa indicada ordenación provisional, e tendo en conta o informe favorable dos servizos técnicos municipais que obran no expediente, e o informe favorable da Axencia Galega de Infraestructuras (AXI), as actuacións propostas cumpren coas previsións da lexislación mencionada.

Conclúe o informe xurídico sinalando que, visto canto antecede, o expediente seguiu a tramitación establecida na lexislación aplicable e que a licenza pretendida é conforme á ordenación urbanística, procedendo a súa resolución pola Xunta de Goberno Local en virtude da delegación de atribucións efectuada pola Alcaldía mediante resolución do 3 de xullo de 2015.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, con base nos antecedentes obrantes no expediente e con base á proposta de resolución emitida polos servizos xurídicos do Concello, acorda:

Primeiro.- Conceder a D. José María González Guerrero, licenza municipal para obras de muro de peche e contención de formigón armado, na parcela de referencia catastral n.º 4282179PJ1348S0002EL, sita en CR Ribadeo-Faro, 13, de acordo co proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto, D. José Díaz López, e da documentación complementaria presentada no rexistro do Concello de Viveiro polo solicitante en data 18 de agosto de 2017.

E coa obriga de cumprimento das seguintes condicións, establecidas na resolución de data 19 de xuño de 2017 do Xefe de Servizo da Axencia Galega de Infraestructuras, que autoriza a disposición dun acceso mediante a construción de muros de contención de formigón armado, segundo a documentación achegada, como contención do terraplén da estrada:

- 1.- O muro 1 irá situado na liña de dominio público que se sitúa a unha distancia do eixe da vía de 11.70 m no extremo oeste e 13 m no extremo leste.
- 2.- O cadro de contadores instalarase no Muro 1.
- 3.- O recheo dos trasdós dos muros deberá ser compactado de xeito que non se produzan consolidacións posteriores.
- 4.- Os recheos, zahorras, mesturas bituminosas, e, en xeral, calquera unidade de obra, deberán cumprir o especificado na normativa vixente, con expresa indicación do PG-3 en canto a materiais, posta en obra e calquera prescrición indicada para este tipo de unidades de obra.
- 5.- Deberá ter resistencia suficiente para soportar o peso dos vehículos que o vaian utilizar e non se permitirá empregar zahorra como capa de rodadura na fronte do acceso.
- 6.- Calquera defecto construtivo que se produza no acceso será responsabilidade do promotor ou solicitante.
- 7.- A baranda metálica como protección dos peóns será instalada polo solicitante.
- 8.- Para evitar que as augas escorreguen ata a calzada deberá dotarse ó acceso cunha pendente do 2% dende a beiravía cara o exterior da estrada.
- 9.- A construción non poderá modificar as condicións de drenaxe da estrada.
- 10.- Durante a realización das obras deberán colocarse a sinalización e os balizamentos oportunos regulados na instrucción 8.3 IC.
- 11.- Durante as obras deberán manterse limpas, en todo momento, as zonas de circulación, para garantir a seguridade vial dos usuarios da estrada.
- 12.- Deberán repoñerse tódolos elementos funcionais afectados (elementos de drenaxe, sinalización horizontal e vertical, balizamento, sistemas de contención, etc).
- 13.- Deberá comunicarse a este servizo a data de comezo dos traballos cunha antelación mínima de 48 h., para proceder á inspección dos traballos.
- 14.- Serán de aplicación as **CONDICIÓN XERAIS** establecidas que se xuntan.
- 15.- As obras autorizadas deberán ser executadas no prazo máximo de doce meses, a contar desde o día seguinte á notificación desta resolución.
- 16.- En canto ao xiro á esquerda do solicitado para saír da parcela en dirección San Cibrao, unha vez rematadas as obras do acceso, e validadas por este servizo, comprobaranse distancias e visibilidades para ver se procede ou non permitir esa incorporación mediante xiro á esquerda.

As **CONDICIÓN XERAIS** que se xuntan á dita autorización son as seguintes:

- 1.- A autorización outórgase a reserva das demais licenzas e autorizacións necesarias, sen prexuízo de terceiros, deixando a salvo os dereitos preexistentes sobre os terreos ou bens. Non suporán en ningún caso a cesión do dominio público, nin a asunción pola administración titular de ningunha responsabilidade respecto da persoa titular da autorización ou de terceiros.

2.- Esta autorización entenderase outorgada a precario na parte que afecte a dominio público.

As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público poderán ser revogadas unilateralmente polo órgano que as outorgou en calquera momento por

razóns de interese público, sen xerar dereito a indemnización, cando sexa necesario por motivo de calquera obras que vaia realizar na estrada a administración titular desta, e quedará obrigada a persoa solicitante a retirar pola súa conta os elementos instalados.

As autorizacións outorgadas para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público exclúen o aboamento á persoa interesada de calquera indemnización por razón dos danos e perdas ocasionados pola explotación e polo uso da estrada, incluídos os causados polo tráfico ou por calquera obra realizada na estrada pola administración titular desta, incluídas as de conservación. Nese caso, a reposición das obras e elementos amparados pola autorización será por conta da persoa interesada.

3.- Se a obra, instalación ou actividade autorizada implicase a utilización privativa, ocupación ou aproveitamento especial do dominio público das estradas de titularidade autonómica, xerará o dereito ao cobro da taxa regulada na sección V do título II da Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 11/12/2003), modificada pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas (DOG 30/12/2011), modificada á súa vez pola lei 2/2013 de 27 de febreiro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013.

4.- Se para a execución da obra ou uso desta fose necesario construír un acceso á estrada, deberá solicitarse previamente a preceptiva autorización deste Servizo.

5.- As obras executaranse conforme ó proxecto presentado para a obtención da autorización, no seu caso, e de acordo coas condicións desta.

6.- Non se poderán iniciar as obras sen que o persoal deste Servizo recoñeza a súa conformidade co seu replanteo. Para isto, o interesado deberá comunicar, cunha antelación mínima de dez (10) días, a data que prevea para a dita operación. Estenderase unha acta de conformidade ou, o seu caso, deixarase constancia dos reparos oportunos, coa concesión do prazo necesario para a súa corrección. A acta de conformidade do replanteo implicará o permiso definitivo de iniciación das obras.

7.- As obras executaranse baixo a inspección e vixilancia do persoal integrado neste Servizo. As obras executaranse cumprindo todas as condicións de garantía e seguridade polas disposicións vixentes e, ademais destas, o petionario aceptará as especiais que se poidan impoñer para a seguridade da estrada e do tráfico.

8.- A administración competente poderá dispoñer, sen máis trámites, en resolución motivada, a inmediata paralización das obras e a suspensión dos usos non autorizados ou que non se axusten ás condicións establecidas nas correspondentes autorizacións outorgadas por ela.

9.- As obras efectuaranse sen interronper nin dificultar o tránsito polas estradas e sen ocupar ningún dos seus elementos (calzada, beiravías, gabias...) con materiais, medios auxiliares, maquinaria ou vehículos, salvo nas circunstancias e coas prescricións que expresamente se indiquen nas condicións particulares.

10.- Durante a execución das obras adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calquera outros materiais á plataforma ou gabias da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa.

11.- Aparte da que poida ser autorizada nas condicións particulares, duran a execución das obras non poderá establecerse ningunha outra sinalización que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita deste Servizo.

12.- O persoal deste Servizo recoñecerá a terminación das obras. Para estes efectos, o interesado comunicará, cunha antelación mínima de dez (10) días, a data que prevea para a dita operación. Estenderase unha acta de conformidade ou, no seu caso, faranse constar as obxeccións oportunas, concedéndose o prazo proporcionado para a súa corrección. A acta de conformidade implicará o permiso de uso das obras, actividades ou instalacións.

13.- O titular da autorización será responsable de todos os danos e prexuízos ocasionados á estrada, a súa zona de influencia, a terceiros ou na súa propia actividade con motivo da realización da obra, actuación ou instalación autorizada, quedando obrigado a repoñer, o seu cargo, os elementos da estrada que resulten afectados pola execución das obras, restituíndoos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.

14.- A autorización producirá efectos mentres permaneza o obxecto determinante do seu outorgamento e será transmisíble previa notificación do cambio de titularidade a este Servizo.

No caso das autorizacións para a realización de obras, instalacións ou actividades na zona de dominio público, o prazo máximo da autorización será de dez anos. Antes de que transcorra o prazo da autorización, a persoa titular poderá solicitar a súa renovación, que se tramitará como unha nova autorización adaptada, se é o caso, á normativa vixente nese momento.

15.- O titular da autorización será responsable das operacións de conservación e mantemento requiridas pola obra, actuación ou instalación obxecto de autorización e que sexan necesarias para garantir a salubridade, accesibilidade, seguridade e funcionalidade menoscabadas como consecuencia do uso destas.

16.- O incumprimento de calquera das condicións impostas nesta autorización poderá ser considerada como infracción leve, grave ou moi grave segundo o artigo 61 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia e dará lugar á tramitación do expediente sancionador que proceda.

Segundo.- As condicións particulares ás que se suxeita a licenza son as seguintes:

- Deberá facerse polo solicitante unha liquidación complementaria, ao achegarse partidas novas de orzamento por importe de **2.435,00** euros. Sendo o orzamento total de execución material a cantidade de **7.620,60** euros.
- De ser necesario a ocupación de vía pública para as labores de desescombro, demolición, colocación de andamiaxe e/ou instalación de guindastres, deberase solicitar a preceptiva licenza.
- Os entullos que se xeneren durante as obras deberán ser trasladados a vertedoiro autorizado.

Terceiro.- Condicións xerais da licenza

- O prazo de iniciación das obras non poderá exceder os seis meses, e o de terminación os tres anos, ditos prazos computaranse desde o día seguinte ao da notificación do outorgamento de licenza. As obras non poderán

interromperse por tempo superior a seis meses.

O Concello poderá conceder prórroga dos prazos de licenza referidos, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado. A caducidade da licenza será declarada pola administración municipal logo do procedemento coa audiencia ao interesado, e a declaración de caducidade extinguirá os efectos da licenza.

Será requisito indispensable en todas as obras dispor, xunto á obra copia autorizada da licenza municipal.

Cuarto.- Esta licenza enténdese outorgada deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e non poderá ser invocada para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal na que tivesen incorrido os titulares no exercicio das actuacións autorizadas.

Quinto.- Dar traslado da presente resolución ao Departamento de Urbanismo para a súa notificación aos interesados, con expresión dos recursos que procedan e comunicación á Tesourería municipal respecto á obriga de facer unha liquidación complementaria.

4.- CONTA XUSTIFICATIVA.

EXPTE. 5733/2017.- CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN PARA DOTACIÓN DE NOVIDADES EDITORIAIS EN GALEGO EN FORMATO FÍSICO PARA A BIBLIOTECA MUNICIPAL

Vista a subvención concedida ó Concello de Viveiro, ó abeiro da *Orde do 19 de decembro de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a concellos de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.*

Visto o informe de 16 de outubro de 2017 para que se proceda á xustificación da devandita subvención, emitido pola Directora do Centro de Información ás Mulleres do Concello de Viveiro, que literalmente transcrito di:

“Que a subvención concedida para a realización da dotación de novidades editoriais en galego en formato físico con destino á Biblioteca Municipal foi destinada ao cumprimento da finalidade para o que foi outorgada, cun custo total de 1.762,01 €.

Secretaría / Concello de Viveiro

Praza maior 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

Que os conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados polo Concello de Viveiro encadradas dentro da dotación de novidades editoriais en galego en formato físico con destino á Biblioteca Municipal e, por tanto, imputables á actuación subvencionada son os seguintes:

- 1 Nome da editorial: BAÍA EDICIÓN S A CORUÑA S.L.
CIF/NIF Acreedor/a: ESB15635246
Número de factura: C17/30
Importe: 47,35 €
Data de recepción dos libros: 30/05/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 17/07/2017
Data de pagamento: 01/08/2017
- 2 Nome da editorial: EDICIONES BOLANDA S.L.
CIF/NIF Acreedor/a: B15969066
Número de factura: M33
Importe: 46 €
Data de recepción dos libros: 30/05/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 17/07/2017
Data de pagamento: 01/08/2017
- 3 Nome da editorial: EDICIÓN S EMBORA S.L.
CIF/NIF Acreedor/a: B70472972
Número de factura: A/152
Importe: 47,80 €
Data de recepción dos libros: 30/05/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 17/07/2017
Data de pagamento: 01/08/2017
- 4 Nome da editorial: EDICIÓN S XERAIS DE GALICIA, S.A
CIF/NIF Acreedor/a: A36617496
Número de factura: 7IF000076
Importe: 223,30 €
Data de recepción dos libros: 02/06/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 17/07/2017
Data de pagamento: 01/08/2017
- 5 Nome da editorial: EDITORIAL GALAXIA S.A
CIF/NIF Acreedor/a: A36603314
Número de factura: FF-1701682
Importe: 312,78 €
Data de recepción dos libros: 02/06/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 17/07/2017
Data de pagamento: 01/08/2017
- 6 Nome da editorial: HAPPY FAMILY S.L
CIF/NIF Acreedor/a: B27704600

Secretaría / Concello de Viveiro

Praza maior 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

- Número de factura: T/129
Importe: 43,60 €
Data de recepción dos libros: 30/05/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 17/07/2017
Data de pagamento: 01/08/2017
- 7 Nome da editorial: HÉRCULES DE EDICIONES S.L
CIF/NIF Acreedor/a: B15078892
Número de factura: N17-1316
Importe: 55,40 €
Data de recepción dos libros: 02/06/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 17/07/2017
Data de pagamento: 01/08/2017
- 8 Nome da editorial: KALANDRAKA EDITORA S.L
CIF/NIF Acreedor/a: B36302024
Número de factura: 001/001589
Importe: 134 €
Data de recepción dos libros: 01/06/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 17/07/2017
Data de pagamento: 01/08/2017
- 9 Nome da editorial: REDRUM PRODUCCIONES S.L
CIF/NIF Acreedor/a: B70281894
Número de factura: 45/17
Importe: 15 €
Data de recepción dos libros: 12/06/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 17/07/2017
Data de pagamento: 01/08/2017
- 10 Nome da editorial: SACAUNTOS S. COOP. GALEGA.
CIF/NIF Acreedor/a: F70486741
Número de factura: Uro81
Importe: 30 €
Data de recepción dos libros: 30/05/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 31/07/2017
Data de pagamento: 01/08/2017
- 11 Nome da editorial: SANTILLANA EDUCACIÓN, S.L
CIF/NIF Acreedor/a: B28119261
Número de factura: CV - 20170602407
Importe: 12,95 €
Data de recepción dos libros: 12/06/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 17/07/2017
Data de pagamento: 01/08/2017
- 12 Nome da editorial: THINKA DISEÑO Y COMUNICACIÓN, S.L
CIF/NIF Acreedor/a: B22375497

Secretaría / Concello de Viveiro

Praza maior 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

- Número de factura: F17/83
Importe: 160,50 €
Data de recepción dos libros: 13/06/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 17/07/2017
Data de pagamento: 01/08/2017
- 13 Nome da editorial: TOXOSOUTOS, S.L
CIF/NIF Acreedor/a: B-15400062
Número de factura: 15
Importe: 12 €
Data de recepción dos libros: 02/06/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 31/07/2017
Data de pagamento: 01/08/2017
- 14 Nome da editorial: SANTILLANA EDUCACIÓN, S.L
CIF/NIF Acreedor/a: B28119261
Número de factura: CV - 20170804322
Importe: 9,10 €
Data de recepción dos libros: 31/08/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 18/09/2017
Data de pagamento: 20/09/2017
- 15 Nome da editorial: ALGAR LIBROS, S.L.U
CIF/NIF Acreedor/a: B-96753256
Número de factura: 4/1700919
Importe: 31,91 €
Data de recepción dos libros: 31/07/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 28/08/2017
Data de pagamento: 02/10/2017
- 16 Nome da editorial: BELAGUA EDICIONES Y COMUNICACIÓN, S.L
CIF/NIF Acreedor/a: B27787910
Número de factura: 59/17
Importe: 15 €
Data de recepción dos libros: 01/08/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 28/08/2017
Data de pagamento: 02/10/2017
- 17 Nome da editorial: CATRO VENTOS EDITORA SOC. COOP. GALEGA
CIF/NIF Acreedor/a: F27828961
Número de factura: FAC2017F19
Importe: 15,50 €
Data de recepción dos libros: 01/08/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 28/08/2017
Data de pagamento: 02/10/2017
- 18 Nome da editorial: EDITORIAL GALAXIA S.A
CIF/NIF Acreedor/a: A36603314

Secretaría / Concello de Viveiro

Praza maior 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

- Número de factura: FF-1702259
Importe: 76,50 €
Data de recepción dos libros: 28/07/2017
Data de recoñecemento da obrigación: 28/08/2017
Data de pagamento: 02/10/2017
- 19 Nome da editorial: HÉRCULES DE EDICIONES S.L.
CIF/NIF Acreedor/a: B15078892
Número de factura: N17-1715
Importe: 34,50 €
Data de recepción dos libros: 28/07/2017
Data de recoñecemento da obrigación: 28/08/2017
Data de pagamento: 02/10/2017
- 20 Nome da editorial: KALANDRAKA EDITORA S.L.
CIF/NIF Acreedor/a: B36302024
Número de factura: 001/002354
Importe: 13 €
Data de recepción dos libros: 31/07/2017
Data de recoñecemento da obrigación: 28/08/2017
Data de pagamento: 02/10/2017
- 21 Nome da editorial: SANTILLANA EDUCACIÓN, S.L.
CIF/NIF Acreedor/a: B28119261
Número de factura: CV - 20170704858
Importe: 8,65 €
Data de recepción dos libros: 31/07/2017
Data de recoñecemento da obrigación: 28/08/2017
Data de pagamento: 02/10/2017
- 22 Nome da editorial: TÉCNICAS & GRAMAXE, S.L.
CIF/NIF Acreedor/a: B36380483
Número de factura: L-104
Importe: 52 €
Data de recepción dos libros: 07/08/2017
Data de recoñecemento da obrigación: 28/08/2017
Data de pagamento: 02/10/2017
- 23 Nome da editorial: BAÍA EDICIÓNS A CORUÑA S.L.
CIF/NIF Acreedor/a: ESB15635246
Número de factura: C17/75
Importe: 14,80 €
Data de recepción dos libros: 26/07/2017
Data de recoñecemento da obrigación: 18/09/2017
Data de pagamento: 03/10/2017
- 24 Nome da editorial: BAÍA EDICIÓNS A CORUÑA S.L.
CIF/NIF Acreedor/a: ESB15635246

Secretaría / Concello de Viveiro

Praza maior 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

- Número de factura: C17/89
Importe: 10 €
Data de recepción dos libros: 22/08/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 18/09/2017
Data de pagamento: 03/10/2017
- 25 Nome da editorial: EDICIONES BOLANDA S.L.
CIF/NIF Acreedor/a: B15969066
Número de factura: M86
Importe: 26 €
Data de recepción dos libros: 23/08/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 18/09/2017
Data de pagamento: 03/10/2017
- 26 Nome da editorial: KALANDRAKA EDITORA S.L
CIF/NIF Acreedor/a: B36302024
Número de factura: 001/002589
Importe: 96 €
Data de recepción dos libros: 28/08/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 18/09/2017
Data de pagamento: 03/10/2017
- 27 Nome da editorial: EDICIÓN S XERAIS DE GALICIA, S.A
CIF/NIF Acreedor/a: A36617496
Número de factura: 17IF000166
Importe: 144,27 €
Data de recepción dos libros: 28/08/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 18/09/2017
Data de pagamento: 03/10/2017
- 28 Nome da editorial: EDITORIAL GALAXIA S.A
CIF/NIF Acreedor/a: A36603314
Número de factura: FF-1702612
Importe: 10 €
Data de recepción dos libros: 05/09/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 18/09/2017
Data de pagamento: 03/10/2017
- 29 Nome da editorial: RINOCERONTE EDITORA, S.L.U
CIF/NIF Acreedor/a: B36501880
Número de factura: FDI17189
Importe: 64 €
Data de recepción dos libros: 03/08/2017 e 23/08/2017
Data de recoñecemento da obrigaón: 18/09/2017
Data de pagamento: 03/10/2017
- Importe total do gasto a xustificar: 1.761,91 €
Subvención concedida: 1.758,57 €

Que non existen outras axudas ou subvencións para a mesma finalidade.”

Visto o certificado relativo ó asunto, emitido polo Interventor por delegación en data 16 de outubro de 2017.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro. Aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ó Concello de Viveiro, ó abeiro da Orde do 19 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a concellos de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.

Segundo. Dar traslado do presente acordó ó Centro municipal de Información ás mulleres, así como ós Departamentos de Tesourería e Intervención municipal.

5.- PROPOSTAS DE GASTOS.

Vistas as propostas de gasto presentadas polos Concelleiros, coa fiscalización previa de conformidade pola Intervención, certificando a existencia de crédito, cos números de expedientes: EXPTE. 3223/2017.- EXPTE. 4204/2017.- EXPTE. 4468/2017.- EXPTE. 5373/2017.- EXPTE. 3412/2017.- EXPTE. 5401/2017.- EXPTE. 5450/2017.- EXPTE. 5660/2017.- EXPTE. 5214/2017.- EXPTE. 4091/2017.- EXPTE. 3431/2017.- EXPTE. 5216/2017.- EXPTE. 5397/2017.- EXPTE. 5400/2017.- EXPTE. 5809/2017.- EXPTE. 5818/2017.- EXPTE. 5213/2017.-

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a autorización dos referidos gastos.

Segundo.- Dar conta do presente acordo ao Departamento de Intervención e ós concelleiros proponentes das propostas de gasto aprobadas.

6.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.

EXPTE. 4788/2017.- ADXUDICACIÓN DE CONTRATO

Visto o expediente para a contratación da obra denominada “*Pavimentación e servizos na rúa Lodeiro*” (Expte. CT 18/2017).

Visto que a referida actuación estará parcialmente financiada pola Deputación provincial de Lugo, ao abeiro do Plan provincial único de cooperación cos Concellos 2017, cunha aportación de 162.000 €.

Vistos os antecedentes do referido expediente que, de xeito resumido, foron os seguintes:

1. A Xunta de Goberno Local, en sesión de 2 de outubro de 2017, aprobou o expediente de contratación por procedemento negociado sen publicidade, previos os antecedentes de tramitación e informes preceptivos, acordando invitar ás empresas "Cholo S.L."; "Carferlo S.L." e "Excavaciones Isidoro S.L.", para que presentaran proposición ao procedemento.
2. Na Mesa de Contratación, en sesión de 9 de outubro de 2017, deuse conta das empresas presentadas ao procedemento, que resultaron ser as tres invitadas, e procedeuse ao control da documentación administrativa contida nos sobres núms. 1 das proposicións, estimándose correcta polos membros da Mesa, admitíndo ás tres empresas licitadoras ao procedemento.
3. Na Mesa de Contratación de 11 de outubro de 2017, procedeuse á apertura dos sobres núms. 2, con control da documentación técnica presentada polas empresas licitadoras; deuse conta das ofertas económicas presentadas, con control de baixa desproporcionada e valoración das ofertas, segundo o seguinte resultado:

OFERTAS PRESENTADAS

Carferlo S.L.		Excavaciones Isidoro S.L.		Cholo S.L.	
Oferta económica	Prazo execución	Oferta económica	Prazo execución	Oferta económica	Prazo execución
169.400,00 €	3 meses	172.195,10 €	3 meses	170.652,96 €	3 meses

CONTROL DA BAIXA DESPROPORCIONADA

Non se detectou baixa desproporcionada segundo os cálculos que constan na acta da sesión.

VALORACIÓN DE OFERTAS

	Empresa	Concepto puntuación	Puntos	Totais
1	Carferlo S.L.	Oferta económica	30	30
		Prazo de execución	0	
2	Isidoro S.L.	Oferta económica	29,51	29,51
		Prazo de execución	0	
3	Cholo S.L.	Oferta económica	29,78	29,78
		Prazo de execución	0	

4. A referida Mesa de Contratación de 11 de outubro de 2017, vistas as ofertas presentadas e o proceso de valoración, propuxo como adxudicataria do contrato á empresa "Construcciones Carferlo S.L.", por un prazo de execución de obra de 3 meses e por un importe económico total de 169.400,00 €, IVE incluído, decidindo requirila para a presentación dos documentos previos á adxudicación do contrato, contemplados na cláusula 20 do prego de cláusulas.

5. A Xunta de Goberno Local, en sesión de 16 de outubro de 2017, vista a proposta de adxudicación do contrato efectuada pola Mesa de Contratación de 11 de outubro de 2017, a favor da empresa “*Carferlo S.L.*”, acordou requirila para a presentación dos documentos previos á adxudicación do contrato.

Visto que segundo consta no expediente de contratación, a empresa “*Carferlo S.L.*” presentou ante o Concello os documentos solicitados (registro de entrada municipal núm. 6587/2017), previos á adxudicación do contrato, entre os que se atopa a garantía definitiva formalizada ante a Tesourería municipal, mediante a modalidade de aval bancario, por un importe total de 7.000,00 €,

Visto finalmente o informe do Secretario Accidental para a adxudicación do contrato, coa conformidade de Intervención,

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Adxudicar o contrato denominado “*Pavimentación e servizos na rúa Lodeiro*” á empresa “*Carferlo S.L.*”, con CIF núm. B-27.227.388, cun prazo de execución de obra de 3 meses, e por un importe total de “*cento sesenta e nove mil catrocentos euros*” (169.400,00 €), desglosado do seguinte xeito:

Orzamento base	21 % IVE	Orzamento total
140.000,00 €	29.400,00 €	169.400,00 €

Segundo.- Dar conta do presente acordo á Intervención municipal, así como ao Servizo de Contratación, para requirir á empresa adxudicataria para o asinado do contrato, que deberá quedar formalizado no prazo de *quinze días* computados a partir do día seguinte á recepción da notificación.”

EXPTE. 4787/2017.- REQUERIMENTO DE DOCUMENTACIÓN.

Vistos os antecedentes do expediente de contratación denominado “*Pavimentación e servizos na rúa Rego da Fonte en Celeiro-Viveiro (Lugo)*”, con referencia CT 17/2017 (expediente gestiona 4787/2017).

Visto que a Mesa de Contratación municipal en sesión de 16 de outubro de 2017, propuxo como adxudicataria do contrato á empresa “*Carferlo S.L.*”, cun prazo de execución de obra de 3 meses e por un importe económico total de “187.550,00 €”, IVE incluído, decidindo requirila para a presentación da documentación previa á adxudicación do contrato.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, con base na decisión adoptada pola Mesa de Contratación de 16 de outubro de 2017, acorda:

Primeiro.- Requirir á empresa "*Construcciones Carferlo S.L.*", con CIF núm. B-27.227.388, os documentos previos á adxudicación do contrato, contemplados na cláusula 20 do prego de cláusulas, regulador do expediente para a contratación da obra denominada "*Pavimentación e servizos na rúa Rego da Fonte en Celeiro*".

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para efectuar o citado requirimento de documentación e dar continuidade ó expediente ata a súa conclusión.

EXPTE. 119/2016.- DEVOLUCION DE AVAL.

Vista a solicitude de devolución de aval presentada por D. Carlos Fernández López, en representación da empresa "*CARFERLO, S.L.*", e con domicilio social en Pol Ind. Camba, parc 56-57, Xove (Lugo), referente á obra "*REPOSICIÓN DE FIRME NO VIAL DENOMINADO RÚA DO CIMITERIO SITO NO NÚCLEO URBANO DE CELEIRO*", por un importe de 2.250,00 euros.

Visto o informe de D. Santiago Meitín Míguez, como director técnico da mencionada obra, de data 19 de outubro de 2017, no que se indica que transcurrido un ano dende a data de terminación do contrato, sen que a recepción formal e a liquidación se producisen por causas non imputables ó contratista, observa que as prestacións obxecto do contrato cumpren as cláusulas e condicións técnicas, o que informa ós efectos da devolución da fianza solicitada.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Proceder á devolución da fianza depositada por *D. Carlos Fernández López, en representación da empresa "CARFERLO, S.L."*, referente á obra "*REPOSICIÓN DE FIRME NO VIAL DENOMINADO RÚA DO CIMITERIO SITO NO NÚCLEO URBANO DE CELEIRO*", por un importe de 2.250,00 euros.

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ó interesado, así como ó Departamento de Intervención e ós Departamento de Tesourería e Servizos Económicos para a súa tramitación.

7.- RECOÑECIMENTO E LIQUIDACIÓN DE OBRIGAS.

EXPTE. 4656/2017.- CERTIFICACIÓN Nº 1 E FINAL DA OBRA DENOMINADA: "SINALIZACIÓN DA RUTA DE SENDERISMO DENOMINADA RUTA PENEDO DO GALO NO CONCELLO DE

VIVEIRO (LUGO)".

Vista a certificación núm. 1 e final da Obra denominada: "*Sinalización da ruta de senderismo "Penedo do Galo" no Concello de Viveiro (Lugo)*", por importe de 18.975,00 euros, a abonar ó adxudicatario (Futures Infografía S.L.), fiscalizada de conformidade por intervención.

Visto que a referida actuación esta suvencionada ao abeiro das Resolucións da Directora de Turismo de Galicia, de 27 de xullo de 2017, de concesión da subvención e de 29 de decembro de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de subvencións a entidades locais para o fomento de accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos de medio rural, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a certificación Nº 1 e final da Obra denominada "*Sinalización da ruta de senderismo "Penedo do Galo" no Concello de Viveiro (Lugo)*", por importe de 18.975,00 euros, a abonar ó adxudicatario (Futures Infografía S.L.),

Segundo. Aos efectos do establecido no artigo 19.1.b) da Resolución de 29 de decembro de 2016, faise constar que coa execución do referido contrato cumpríuse a finalidade para a cal foi concedida a subvención.

Terceiro.- Dar traslado do presente acordo ó Servizo de Contratación para a súa notificación á empresa contratista, así como ós Departamentos de Intervención e Tesourería para o seu coñecemento e efectos.

EXPTE. 5910/2017.-

Vista a proposta do Concelleiro de Facenda, D. Jesús Fernández Fernández, coa conformidade da Intervención, para a aprobación de facturas e obrigas.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas e obrigas que derivan das mesmas, que se recollen na proposta do concelleiro de facenda referente ao expediente 5910/2017.

Segundo.- Dar conta deste acordo ó Departamento de Intervención para o seu coñecemento, e proceder a súa notificación ós Departamentos de Tesourería e Servizos Económicos.

8.- ROGOS E PREGUNTAS.

Secretaría / Concello de Viveiro

Praza maior 19-20 / 27850 Viveiro / Lugo

Non habendo máis asuntos que tratar, cando son as catorce horas e cinco minutos do vintetrés de outubro de dous mil dezasete, pola Sra. Alcaldesa levántase a sesión, extendéndose de todo o tratado a presente acta, da que eu, Secretario accidental, dou fe.